

30 anos xuntos!!
1981-2011

D. Antonio Rodríguez Miranda
Secretario Xeral da Emigración
Secretaría Xeral da Emigración
Presidencia
Xunta de Galicia

Estimado D. Antonio Rodríguez Miranda:


Os cidadáns galegos residentes na área de Basilea recibimos con extrema preocupación a noticia do peche definitivo, aínda que o chamen eufemisticamente "suspensión indefinida", da Axencia Consular, dos Servizos da Oficina de Empleo e Seguridade Social e da Agrupación Escolar de Basilea, así coma, da implantación do sistema on-line e semipresencial das "Clases de Lengua y Cultura Españolas" no vindeiro curso 2013/2014. Estas intencións da Administración Central do Estado supoñen un grave perxuízo para os máis de 10.000 residentes españoles nesta rexión suíza, dos que máis do 70% somos de orixe galega, coma ben sabe.

Basilea é a terceira cidade en poboación de Suíza, nó de comunicacións viais, fluviais e ferroviarias centroeuropeas. Ademais, é centro industrial europeo de referencia nos sectores químico e farmacéutico, sede do Banco de Pagos Internacional (BPI) e lugar de organización das feiras máis importantes do mundo en arte (ArtBasel) ou nos eidos da relojería e xoiería (Baselworld) e a cidade conta, tamén, con museos de prestixio internacional.

Entendemos que a crise económica pola que atravesamos a sociedade española obriga aos gobernantes a facer recortes. Pero os mesmos non poden ser feitos a costa de deixar a unha poboación de compatriotas sen os servizos consulares e culturais básicos aos que temos dereito. Dende esa perspectiva, a *Sociedade Galega Sementeira*, xunto coa *Federación del Movimiento Asociativo Español en Suiza* (FEMAES) propuxemos ao Sr. D. José Manuel García-Margallo, Ministro de Asuntos Exteriores y Cooperación, que traslade o Consulado General de España en Berna á cidade de Basilea e, ao mesmo tempo, creando unha Sección Consular na sede da Embaixada de España en Berna. Tamén propuxemos ao Sr. D. José Ignacio Wert Ortega, Ministro de Educación, Cultura y Deporte, que non cerre a Agrupación Escolar de Basilea e que non aplique o sistema on-line e semipresencial nas Clases de Lengua y Cultura, xa que conlevaría unha degradación progresiva dese programa educativo e a súa previsible eliminación futura. Por último, propuxemos á Sr. Dña. Fátima Báñez García, Ministra de Empleo y Seguridad Social que reasigne á cidade de Basilea algúns dos 14 funcionarios destinados en Berna. Todas estas son medidas que permitirían aforrar cartos sen perxudicar os servizos recibidos por todos os cidadáns españoles de toda a demarcación consular de Berna-Basilea.

Por todo elo, e seguindo o clamor expresado polos miles de cidadáns participantes na celebración do Día De Galicia desta pasada fin de semana e organizada pola nosa Sociedade, solicítolle en nome de todos nós que lle transmita a D. Alberto Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia, que interceda ante o Goberno Central en defensa dos lexítimos intereses dos galegos e non galegos residentes na área de Basilea.

Sen outro particular, reciba un afectuoso saúdo.
En Basilea, a 25 de Xuño de 2013



Ramón Carreira Collazo
Presidente
Sociedade Galega Sementeira

